



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOECHE

Bases da convocatoria de axudas ás entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades, obras ou servizos durante o ano 2023

ANUNCIO

Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2023, aprobáronse as Bases reguladoras e a convocatoria dunha liña de axudas dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do termo municipal para o desenvolvemento de actividades, obras ou servizos durante o ano 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o contido íntegro de ditas bases.

ANEXO

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES, OBRAS OU SERVIZOS DURANTE O ANO 2023

Esta convocatoria rexeráse polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no R.d. 887/2006, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polo resto de lexislación que lle resulte aplicable. E efectúase de conformidade coa Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Moeche, aprobada polo Pleno en sesión do 18 de outubro de 2018, e publicada no BOP n.º 9, do 14 de xaneiro de 2019.

Primeira.-Obxecto da convocatoria.

É obxecto das presentes bases regular a concesión, mediante concorrencia competitiva de axudas ás entidades sen ánimo de lucro rexistradas no Concello de Moeche, polo desenvolvemento de actividades, obras ou servizos que segundo os seus estatutos lles sexan propios e teñan un interese xeral e redunden en beneficio da comunidade, durante o ano 2023

Con carácter xeral. As subvencións teñen como primeiro obxectivo contribuír ao financiamento das actividades culturais, deportivas e educativas desenvolvidas polas entidades, así como ao seu funcionamento ordinario e os gastos de investimento derivados da súa actividade

Por actividades culturais, deportivas ou educativas enténdense os actos puntuais (concertos, teatro, torneos, maratóns, recitais, obradoiros, encontros veciñais, viaxes culturais, conferencias, etc.).

Por gasto corrente o que realicen para o mantemento das instalacións (luz, teléfono, etc.) e funcionamento da entidade, as actividades permanentes (material funxible para obradoiros, grupos de creación, grupos de teatro, escolas culturais, etc.) e as propias actividades estables (grupos de teatro, baile...) da asociación, incluídos os seus desprazamentos e gastos que ocasionen sempre que estean incluídos nos calendarios de actuacións/competicións.

Por actividades deportivas enténdese o deporte-competición federado, escolas ou obradoiros deportivos, actividades deportivas estables e actividades deportivas puntuais.

Segunda.-Destinatarios e requisitos.

2.1.- Poderán concorrer a optar a estas subvencións as entidades, organismos ou asociacións xuridicamente constituídas que cumpran os seguintes requisitos

- 1.- Carecer de fins de lucro.
- 2.- Estar debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello nos termos previstos no artigo 236, parágrafos 2, 3 e 4 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- 3.- Non deber cantidade ningunha ao Concello por calquera concepto.
- 4.- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Moeche. AL
- 5.- Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.2 –Non poderán ser destinatarias de subvencións municipais:

1. Aquelas entidades ou persoas físicas que non estean ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.
2. Aquelas entidades que teñan pendente de xustificación algunha subvención concedida polo Concello.
3. As entidades coas que o concello asine algun tipo de convenio de contido económico.

2.3 Non serán obxecto de subvención mediante esta convocatoria

- As actividades que non cumpran algún requisito das presentes bases.
- Os gastos de manutención; por esta razón, este tipo de gastos, tampouco poderán incluírse nos presupostos de gastos que se presenten.

Terceira.–Ámbitos de subvención.

As subvencións e axudas que se outorgan ao abeiro das presentes bases terán como finalidade contribuír ao normal funcionamento do tecido asociativo así como a realización de actividades de carácter cultural, deportivo, de defensa de dereitos da veciñanza e o mantemento das entidades que as desenvolvan .

3.1 –Actividades subvencionables.

Serán subvencionables as seguintes actividades e investimentos realizados no ano 2023

- a) Actividades culturais, deportivas e educativas.–As dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter anual, no eido cultural deportivo e educativo en todas as súas vertentes.
- b) Mantemento ordinario e gastos xerais das asociacións e entidades sen fin de lucro: gasto corrente que realicen para o mantemento das instalacións e funcionamento da entidade (luz, teléfono, desprazamentos, etc.)
- c) Gastos de obras, mantemento ou mellora das infraestruturas e equipamento das entidades: as subvencións para gastos de mantemento, obra ou mellora das infraestruturas dirixiranse a asociacións e entidades sen fin de lucro que dispoñan de local en propiedade ou en réxime de alugamento.
- d) Os gastos de xestión administrativa serán subvencionables pero unicamente se admitirá como gasto xustificable un máximo do 5% da subvención concedida a xustificar.
- e) No caso das subvencións para gastos de equipamento das entidades que non teñan local en propiedade, deberá tratarse de equipamento que poda ser retirado do local sen perder a súa utilidade.

3.2 –Non serán subvencionables.

- a) Os gastos financeiros, notariais, rexistrals, periciais, multas, sancións e sobrecargas administrativas ou penais.
- b) As actividades suxeitas a un convenio de colaboración co concello ou as que xa recibisen unha subvención municipal directa (contía económica determinada) ou indirecta (trofeos, propaganda, cesión de material,...).
- c) As actividades subvencionadas no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou de plans doutras administracións públicas, e en concreto da Xunta de Galicia ou Deputación da Coruña, cando o importe destas últimas atinja o 100% de actividade a realizar. En caso contrario poderá ser subvencionable e complementario o importe da actividade na contía restante até chegar ao total do importe da actuación.
- d) As solicitudes, proxectos ou actividades que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelaría, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado.

Cuarta.–Solicitudes e documentación necesaria.

4.1.- As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse nos impresos normalizados que se inclúe como anexos ás presentes bases. Poderán obterse nas oficinas municipais, na páxina web municipal www.moeche.gal e no taboeiro de edictos e presentaranse exclusivamente por vía telemática na sede electrónica do concello de Moeche <https://moeche.sedelectronica.gal/> .

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade.
2. Fotocopia dos estatutos da entidade. Non será necesario presentala se xa se achegou ó solicitar a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións e non houbo variación nela, ou no caso de habela foi comunicada o Concello no momento da mesma, para tal efecto a dita documentación poderá substituírse mediante declara-

ción xurada conforme a cal esta documentación non sufriu modificacións e non transcorreron máis de 5 anos dende a súa presentación.

3. Fotocopia da tarxeta do NIF do representante.
4. Certificación dos datos bancarios da entidade.
5. Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello de Moeche e do numero de socios da entidade a data 31 de outubro de 2021.
6. Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.
7. Memoria explicativa das actividades realizadas, que fará mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente, e na que se fará constar especificamente o número de persoas socias actualizado na data de presentación da solicitude e o número de anos que veñen realizando cada actividade de carácter periódico ou permanente.
8. Relación de ingresos e gastos da actividades para as que solicita axuda. Así como das subvencións concedidas para as mesmas por entidades públicas ou privadas.
9. Documentación acreditativa da titularidade do local social, no caso de solicitar axuda para obras ou investimentos realizadas nel.
10. Declaración responsable de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como autorización ao Concello para a verificación de estar ó día coa Facenda municipal.
11. No caso de solicitudes para obras de infraestrutura, as entidades presentarán copia das licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística de estar xa iniciadas as obras, e, de non ser así, presentaranse no momento de xustificación da subvención.

4.2.- O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 3, deberá ser emendado no prazo de 10 días dende a recepción do requirimento. 4.2.-Non terán que entregar a documentación dos apartados 1), 2), 3), 4) e 11) aquelas entidades que xa a entregaron en convocatorias similares no Concello de Moeche, sempre que non houbese ningunha modificación.

Quinta.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, que empezarán a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a través da Base Nacional de Datos de Subvencións.

As instancias presentaranse, exclusivamente de forma telemática, na sede electrónica do Concello de Moeche (<https://sede.moeche.gal>), ou a través de calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sexta.-Contía das axudas.

6.1.-A determinación da contía individual das axudas realizarase da seguinte forma:

- Procederase á valoración da documentación achegada polas entidades de acordo co baremo establecido na base seguinte
- O importe total da consignación orzamentaria prevista (4.000,00 €) dividirase pola suma total dos puntos acadados por todas as solicitudes presentadas e estimadas, asignando un valor monetario a cada punto
- O resultado da división anterior multiplicarase polos puntos obtidos por cada entidade o que determinará a contía a percibir individualmente por cada unha delas.

6.2.-Límite das subvencións

- A contía da subvención estará en función do custo dos programas de dinamización cultural, deportiva e educativa, dos criterios de baremo e dos recursos destinados para este fin no orzamento municipal.
- Os gastos de mantemento ordinario e gastos xerais das asociacións e entidades sen fin de lucro non poderán exceder do 30% da subvención concedida á entidade.
- No apartado subvencionable de gastos de mantemento, obra e mellora das instalacións dirixido a asociacións e entidades sen fin de lucro que dispoñan de local en propiedade, apartado c) da base 3.1, o límite da contía por este concepto será de 300 euros.

- No caso das actividades a porcentaxe subvencionable polo Concello poderá acadar o 100% do custo da actividade á que se aplique.
- A subvención aprobada poderá ser revisada unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, de ser o caso, outros ingresos.

Sétima.-Valoración das solicitudes.

7.1 Na valoración das solicitudes teranse en conta os seguintes criterios:

a) Por mantemento de instalacións e gastos correntes.

Gastos derivados das obras e mantemento en instalacións culturais propias ou de instalacións deportivas propias das entidades deportivas non lucrativas, así como para os gastos correntes e a adquisición de equipamento e material necesario para o desenvolvemento das actividades: ata 8 puntos

b) Por desenvolvemento de actividades culturais, e educativas:

- Número de actividades: ata 5 puntos.
- Carácter periódico e permanente da actividade: ata 2 puntos.
 - Carácter periódico e permanente da actividade, entre 0 e 10 anos, 0,25 puntos
 - Carácter periódico e permanente da actividade mais de 10 anos, 0,75 puntos.
- Número de socios e socias: ata 2 puntos.
- Actividades dirixidas específica e exclusivamente á muller, á terceira idade ou á mocidade ou infancia: ata 0,50 puntos.
- Actividades dirixidas especificamente á difusión promoción da cultura galega (literatura, historia, arte, etc.) ou recuperación do patrimonio inmaterial ou material ou dirixidas especificamente á normalización dos usos da lingua galega ou recuperación do patrimonio inmaterial ou material: ata 0.50 puntos.
- Por colaboración co Concello no desenvolvemento de actividades municipais: ata 1 punto
- Por colaboración con outras entidades ou asociación, así como por edición de voceiros, material divulgativo ou de difusión, etc.: ata 1 punto.

c) Para entidades deportivas :

- por licenza federativa: ata 1 puntos.
- por número de participantes na actividade: ata 4 puntos
- por impacto no sector deportivo na comarca: ata 2 puntos
- Carácter periódico e permanente da actividade: ata 2 puntos
 - entre 0 e 10 anos, 0,50
 - máis de 10 anos 0.75 puntos
- Actividades dirixidas especificamente á muller, á terceira idade ou á mocidade ou infancia: ata 1 punto
- Por colaboración co Concello na organización de actividades deportivas municipais: ata 1 punto
- Por colaboración con outras entidades ou asociación, así como por edición de voceiros, material divulgativo ou de difusión, etc.: ata 1 punto.

7.2. O reparto dos puntos indicados pola realización de actividades realizarase da seguinte maneira:

- A asociación que teña realizado o maior número de actividades recibira a puntuación máxima. O resto de entidades recibirá a parte proporcional segundo o seu número de actividades
- A cantidade destinada a esta convocatoria dividirase entre o número total de puntos de todas as entidades, o resultado será o valor unitario de cada punto.
- Multiplicaranse os puntos acadados por cada entidade polo valor do punto para obter a subvención que lle corresponda.
- A obtención concorrente de subvencións doutras administracións ou entidades públicas ou privadas en ningún caso poderán ser de tal contía que superen o custo da actividade. Este suposto dá lugar a unha modificación da resolución de concesión.

Oitava.–Procedemento.

8.1.–Co obxecto de avaliar a documentación achegada xunto coas solicitudes, constituirase unha Comisión de Valoración que estará integrada polos seguintes membros:

Presidencia: a da Corporación ou concelleira/o en quen delegue.

Vogais:

Concelleira de Cultura, Turismo e Normalización Lingüística.

Concelleiro de Deportes.

Un representante de cada grupo municipal.

Pilar Pazo González, encargada da biblioteca e da OIX.

Daniel Feijoo Ferreiro, técnico deportivo municipal.

Secretaria/o: con voz pero sen voto, Antonio García Méndez, funcionario desta Corporación ou funcionario/a que o substitúa.

8.2.–A Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas de acordo co baremo establecido na base 6.^a, e formulará unha proposta de resolución que lle remitirá a Xunta de Goberno Local.

8.3.–A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a resolución das peticións de subvencións ou axudas, previa formulación de proposta indicada no punto anterior.

8.4.–O acordo de concesión definitiva notificaráselles individualmente aos solicitantes, e publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións

8.5.–A resolución da Xunta de Goberno Local, de concesión ou denegación das axudas, esgota a vía administrativa, contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte da súa notificación, perante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

8.6.–En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 40 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Novena.–Compatibilidade das axudas.

As axudas concedidas en virtude das presentes bases serán compatibles con calquera outra axuda que poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen os gastos subvencionados, de conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima.–Aceptación das subvencións e obrigas das entidades.

A subvención entenderase aceptada pola solicitante se dentro do prazo dun mes seguinte á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

As beneficiarias, ademais de realizaren a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello de Moeche, cos medios que estime oportunos e facilitará a información que sexa requirida polo Consello de Contas, de ser o caso.

As entidades beneficiarias das subvencións desta convocatoria quedan obrigadas a establecer de forma clara nas actividades subvencionadas mención expresa do patrocinio do Concello e incorporar no material editado de calquera tipo, relacionado coa actividade subvencionada, a imaxe do logotipo oficial do Concello.

Así mesmo, o desenvolvemento da actividade así como os exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material publicitario deberán estar sempre en lingua galega, de acordo coa lexislación e as normas vixentes e respectando a toponimia oficial.

Undécima.–Xustificación e pagamento.

11.1.–Pagamento da subvención.

O obxectivo das presentes bases é apoiar as entidades municipais sen ánimo de lucro no desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, educativas. Neste sentido, para facilitar que se continúe a desenvolver as ditas actividades, as subvencións configúranse como prepagables e aboaranse do xeito seguinte:

- Pagarase o 50% do importe da subvención, logo da notificación da concesión, se a entidade beneficiaria o solicita.
- O 50% restante, ou a cantidade que proceda, pagarase logo da xustificación da subvención, de acordo co establecido nesta convocatoria. De non solicitar o anticipo a entidade, pagarase o 100% da subvencións tras a xustificación da subvención.

Para o cobro da subvención, tanto do anticipo prepagable como o pago despois da xustificación, as entidades beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello.

Examinada a documentación xustificativa presentada, logo dos informes da comisión avaliadora e da Intervención municipal, o órgano competente valorará que se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e, neste caso, aprobará os xustificantes presentados e ordenará o pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado a xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- En caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 50% do orzamento subvencionado a xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- En caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado a xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se xustificará a subvención, requiríndose o reintegro da parte da subvención xa aboada, de terse aboado o anticipo do 50%.
- En caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo archivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación. O pagamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

11.2.–Prazo de xustificación.

Para poder percibir as subvencións concedidas de acordo coas presentes bases, as entidades beneficiarias presentarán a documentación xustificativa na sede electrónica do concello <https://moeche.sedelectronica.gal/> antes do 15 de decembro de 2023.

Se non presentase a xustificación dentro do prazo, a entidade beneficiaria será requirida para a súa presentación (art.70 Real decreto 887/2006). A falta de presentación no prazo de quince días dende o requirimento, dará lugar a que a Alcaldía se inicie un expediente de anulación do correspondente compromiso.

Estes prazos, así como o de presentación de solicitudes, entenderase sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

11.3.–Consideracións xerais da xustificación.

Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como xustificantes os gastos referidos a alimentos ou bebidas alcohólicas.

Considerarase gasto realizado aquel que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación.

O orzamento subvencionado para xustificar será o importe da subvención concedida.

En caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade realizada polo beneficiario.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

A entidade beneficiaria deberá someterse aos procedementos de control ou auditoría que realice a Intervención municipal, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras, e tamén, na súa condición de contadante, aos procedementos de control que poida realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderase esixir.

11.4.–Documentación xustificativa.

11.4.1 Para proceder ao pagamento das subvencións presentaranse os seguintes documentos:

1.- Memoria xustificativa por período subvencionable do programa realizado que avalíe os resultados e que terá os seguintes contidos:

Certificación da realización do programa.

Localización e influencia territorial das actividades.

Memoria de actividades realizadas, datas da súa realización e resultados obtidos.

2.-Exemplares de toda a documentación impresa xerada polas actividades realizadas que acredite a participación do Concello de Moeche no seu financiamento.

3.- Relación clasificada dos gastos realizados en cada período subvencionable asinada polo/a secretario/a da entidade co visto e prace da presidencia e con identificación dos acredores (nome e apelidos e NIF); conceptos de gasto dos documentos (número de factura ou documento equivalente) así como importe, data de emisión e data de pagamento e desviación acaecida respecto do orzamento inicial.

4.-Facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalentes ou copias debidamente cotexadas.

As facturas deberán corresponderse ao período subvencionado (anualidade/tempada) e especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados, prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención.

Non se admitirán como xustificantes de gasto as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos. As facturas deberá de cumprir os requisitos do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que seregulan as obrigas de facturación.

En caso de que a realización de actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nóminas asinadas polo perceptor e os TC1 e TC2.

5.- Declaración da totalidade das axudas públicas ou privadas concedidas durante o ano 2022 para o mesmo obxecto, ou, pola contra, declaración de non ter outras axudas para o mesmo obxecto, así como declaración dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada.

6.- Certificación expedida polo secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7.- Acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello) e coa Seguridade Social, mediante a presentación das correspondentes certificacións acreditativas ou declaración responsable no caso de subvencións concedidas cuxa contía individual non supere o importe de 3.000 €.

11.4.2.- Vencido o prazo de xustificación sinalado na base 9 ou, de ser o caso, a prórroga, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, a Alcaldía requiriraa para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

11.4.3.- Constituirán infraccións en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

11.4.4.- Contra o acto administrativo polo que se resolva o procedemento de concesión de subvencións, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

Disposición final No non establecido nestas bases estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións deste Concello de Moeche, na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

SOLICITUDE DE AXUDAS AS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES, OBRAS OU SERVIZOS DURANTE O ANO 2023

1.- **SOLICITANTE:** (Os datos cubertos neste apartado deberán coincidir exactamente cos datos da tarxeta do CIF/NIF presentada, e cos do titular da conta bancaria)

Datos da entidade:

Denominación:..... CIF:

Enderezo: C.P.

Localidade: Tfno.:..... Fax:.....

E-mail:

Nº de Rexistro na Xunta de Galicia:

Nº de Rexistro no Concello de Moeche.....

Enderezo a efectos de notificacións

Enderezo: C.P.

.....

Localidade:

Datos do representante

Nome e Apelidos: N.I.F.:.....

Teléfono: Relación coa entidade:

e-mail:.....

2.- SOLICITA

A concesión dunha axuda polo desenvolvemento de actividades, obras ou servizos durante o ano 2023.

Moeche, de de 2023

O/A representante da entidades

Asdo.

Sra. Alcaldesa Presidente do Concello de Moeche (A Coruña)

SOLICITUDE DE AXUDAS ÁS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES, OBRAS OU SERVIZOS DURANTE O ANO 2023

RELACIÓN DE ACTIVIDADES E/OU INVESTIMENTOS PARA AS QUE SE SOLICITA AXUDA

DENOMINACION DA ACTIVIDADE OU INVESTIMENTO	GASTOS		INGRESOS	
	Concepto	Importe	Concepto	Importe
			Propios	
			Deputación da Coruña	
			Xunta de Galicia	
			Outros	
	Total gastos		Total ingresos	
Importe que se solicita ó Concello				
	Concepto	Importe	Concepto	Importe
			Propios	
			Deputación da Coruña	
			Xunta de Galicia	
			Outros	
	Total gastos		Total ingresos	
Importe que se solicita ó Concello				
Importe que se solicita ó Concello				
	Concepto	Importe	Concepto	Importe
			Propios	
			Deputación da Coruña	
			Xunta de Galicia	
			Outros	
	Total gastos		Total ingresos	
Importe que se solicita ó Concello				
	Concepto	Importe	Concepto	Importe
			Propios	
			Deputación da Coruña	
			Xunta de Galicia	
			Outros	
	Total gastos		Total ingresos	
Importe que se solicita ó Concello				
DENOMINACION DA ACTIVIDADE OU INVESTIMENTO	GASTOS		INGRESOS	
	Concepto	Importe	Concepto	Importe
			Propios	
			Deputación da Coruña	
			Xunta de Galicia	
			Outros	
	Total gastos		Total ingresos	
Importe que se solicita ó Concello				
	Concepto	Importe	Concepto	Importe

			Propios	
			Deputación da Coruña	
			Xunta de Galicia	
			Outros	
	Total gastos		Total ingresos	
Importe que se solicita ó Concello				
	Concepto	Importe	Concepto	Importe
			Propios	
			Deputación da Coruña	
			Xunta de Galicia	
			Outros	
	Total gastos		Total ingresos	
Importe que se solicita ó Concello				
	Concepto	Importe	Concepto	Importe
			Propios	
			Deputación da Coruña	
			Xunta de Galicia	
			Outros	
	Total gastos		Total ingresos	
Importe que se solicita ó Concello				
	Suman gastos		Suman ingresos	
TOTAL IMPORTE SOLICITADO O CONCELLO				

_____ a _____ de _____ de 2023
 O/A representante da entidade

* Engadir mais follas en caso de ser necesario

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE, NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE
E Nº DE SOCIOS DA ENTIDADE

Don/Dona. _____, con DNI nº _____,
como secretario/a da entidade _____.

CERTIFICA: que na reunión da xunta directiva da mencionada entidade, que tivo lugar o día
_____, adoptouse o acordo de presentación da solicitude de

**AXUDAS AS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE
ACTIVIDADES, OBRAS OU SERVIZOS DURANTE O ANO 2023**, do concello de Moeche

Así mesmo, acordouse nomear a Don/Dona. _____,
representante para as relacións desta entidade co Concello de Moeche.

IGUALMENTE CERTIFICA, que o número de socios da entidade a 31 de outubro de 2022
ascende á cantidade de _____

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación en Moeche o
..... de, de 2023.

Vº e Prace

Asdo.:

O/A presidente/a

O/A secretario/a

SOLICITUDE DE AXUDAS AS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES, OBRAS OU SERVIZOS DURANTE O ANO 2023**DECLARACIÓN XURADA DE NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE INCOMPATIBILIDADE OU INCAPACIDADE E PARA A PERCEPCIÓN DA PRESENTE ACHEGA**

(Esta declaración deberá realizala a persoa nomeada como representante)

Don/Dna., co DNI

como representante da entidade

DECLARO: (Marcar cun X onde corresponda)

☐	Que coñezo e acepto as bases da presente convocatoria
☐	Que son certos cantos datos figuran na solicitude de participación .
☐	Que non estou incurso/a en circunstancias que supoñan a prohibición de percepción de subvención ou axudas públicas (artigo 13.2 LXS)
☐	Que a entidade que represento está ao corrente das súas obrigas tributarias, de Seguridade social, coa Xunta de Galicia e coa Facenda Municipal do Concello de Moeche.
☐	Que autorizo que se soliciten datos á Facenda municipal, e de non ter débedas co Concello.
☐	Que a entidade non ten ningunha axuda do Concello de Moeche pendente de xustificación.
☐	Que me comprometo a achegar os datos que se me poidan solicitar os efectos das comprobacións previstas na lexislación actual de subvencións
☐	Que coñece e acepta as bases da presente convocatoria

Moeche, de de 2023

O/a representante da entidade

MEMORIA EXPLICATIVA DAS ACTIVIDADES

DENOMINACION ACTIVIDADE:
MEMORIA EXPLICATIVA
Nº PERSOAS BENEFICIADAS DIRECTA OU INDIRECTAMENTE
Nº DE ANOS QUE SE LEVA REALIZANDO A ACTIVIDADE

DENOMINACION ACTIVIDADE:
MEMORIA EXPLICATIVA
Nº PERSOAS BENEFICIADAS DIRECTA OU INDIRECTAMENTE
Nº DE ANOS QUE SE LEVA REALIZANDO A ACTIVIDADE

DENOMINACION ACTIVIDADE:
MEMORIA EXPLICATIVA
Nº PERSOAS BENEFICIADAS DIRECTA OU INDIRECTAMENTE
Nº DE ANOS QUE SE LEVA REALIZANDO A ACTIVIDADE

DENOMINACION ACTIVIDADE:
MEMORIA EXPLICATIVA
Nº PERSOAS BENEFICIADAS DIRECTA OU INDIRECTAMENTE
Nº DE ANOS QUE SE LEVA REALIZANDO A ACTIVIDADE

Moeche de..... de 2023

O/A representante da entidade

* engadir máis follas en caso de ser necesario

SOLICITUDE DE AXUDAS AS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES, OBRAS OU SERVIZOS DURANTE O ANO 2023**DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN Á SOLICITUDE DE AXUDA**

	Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade
	Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade, salvo que non sexa necesario por ter sido presentado no rexistro de asociacións do Concello de Moeche hai menos de 5 anos e non houbo variación nela
	Certificación do datos bancarios
	Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do representante
	Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello de Moeche (inclúese no modelo de solicitude)
	Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública, de aceptación das bases da convocatoria, de autorización para comprobar se ten débedas coa facenda municipal e de non ter axudas pendentes de xustificación co Concello de Moeche (inclúese no modelo de solicitude)
	Memoria explicativa das actividades realizadas, que fará mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente
	Relación de ingresos e gastos da actividades para as que solicita axuda. Así como das subvencións concedidas para as mesmas por entidades públicas ou privadas
	Documentación acreditativa da titularidade do local social, no caso de solicitar axuda para obras ou investimentos realizadas no mesmo
	Declaración responsable de atoparse ao corrente de pago coa axencia tributaria e coa Seguridade Social

Moeche, a _____ de _____ de 2023.
O/A representante da entidade

Asdo. _____

XUSTIFICACION DAS AXUDAS CONCEDIDAS AS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES, OBRAS OU SERVIZOS DURANTE O ANO 2023

XUSTIFICACION DAS AXUDAS CONCEDIDAS

D/D^a. con DNI

En calidade de representante da Entidade.....

Para o efecto de xustificar a axuda concedida a esta entidade polo Concello de Moeche ao abeiro da *Convocatoria de axudas ás entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades, obras ou servizos durante o ano 2023*, xunto a presente achego a documentación que se relaciona:

1.- Memoria xustificativa por período subvencionable do programa realizado que avalíe os resultados e que terá os seguintes contidos:

- Certificación da realización do programa.
- Localización e influencia territorial das actividades.
- Memoria de actividades realizadas, datas da súa realización e resultados obtidos.
- Exemplos de toda a documentación impresa xerada polas actividades realizadas que acredite a participación do Concello de Moeche no seu financiamento

2.- Relación clasificada dos gastos realizados en cada período subvencionable asinada polo/a secretario/a da entidade co visto e prace da presidencia e con identificación dos acredores (nome e apelidos e NIF); conceptos de gasto dos documentos (número de factura ou documento equivalente) así como importe, data de emisión e data de pagamento e desviación acaecida respecto do orzamento inicial.

3.- Facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalentes ou copias debidamente cotexadas.

- As facturas deberán corresponderse ao período subvencionado (anualidade/tempada) e especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados, prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificantes de gasto as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.
- As facturas deberá de cumprir os requisitos do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- No caso de que a realización de actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nóminas asinadas polo perceptor e os TC1 e TC2.

4.- Declaración da totalidade das axudas públicas ou privadas concedidas durante o ano 2023 para o mesmo obxecto, ou, pola contra, declaración de non ter outras axudas para o mesmo obxecto, así como declaración dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada.

5.- Certificación expedida polo secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

6.- Acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello) e coa Seguridade Social, mediante a presentación das correspondentes certificacións acreditativas ou declaración responsable no caso de subvencións concedidas cuxa contía individual non supere o importe de 3.000 €.

7.- Copia compulsada das licencias ou autorización urbanísticas no caso de investimentos

Moeche ade de 2023.

Asdo.: O/A PRESIDENTE/

O/A / REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN

**MEMORIA XUSTIFICATIVA POR PERÍODO SUBVENCIONABLE DO PROGRAMA
REALIZADO**

D/ Dona. _____ con D.N.I nº, _____ como
secretario da entidade _____.

CERTIFICA: que no periodo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 ata o ____ de
_____ de 2023 realizáronse os seguintes programas:

Denominación Programa
Localización e influencia territorial das actividades
Memoria de actividades realizadas, datas da súa realización e resultados obtidos
Nº de anos que se leva realizando a actividade
Achegase un exemplar de toda a documentación impresa xerada polas actividades realizadas que acredite a participación do Concello de Moeche no seu financiamento
Denominación Programa
Localización e influencia territorial das actividades
Memoria de actividades realizadas, datas da súa realización e resultados obtidos
Nº de anos que se leva realizando a actividade
Achegase un exemplar de toda a documentación impresa xerada polas actividades realizadas que acredite a participación do Concello de Moeche no seu financiamento
Denominación Programa
Localización e influencia territorial das actividades
Memoria de actividades realizadas, datas da súa realización e resultados obtidos
Nº de anos que se leva realizando a actividade
Achegase un exemplar de toda a documentación impresa xerada polas actividades realizadas que acredite a participación do Concello de Moeche no seu financiamento

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación en Moeche a
..... de, de 2023.

Vº e Prace
O/A Presidente/a

Asdo.:
O/A Secretario

XUSTIFICACION DAS AXUDAS CONCEDIDAS AS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES, OBRAS OU SERVIZOS DURANTE O ANO 2023

ACTIVIDADE OU INVESTIMENTO A XUSTIFICAR

Presentar un por cada actividade e/ou investimento

D/D^a Presidente/a / Secretario/a
da Asociación..... CIF:

CERTIFICO:

Que as facturas que se presentan no expediente de xustificación de gastos da subvención concedida polo Concello de Moeche, acreditan a realización dos mesmos e a súa afectación á finalidade para a que foi concedida a subvención.

Nº DE ORDEN	Nº DE FACTURA	DATA	PERCEPTO R	CONCEPTO	1IMPORTE

Ó mesmo tempo certifícase que para o mesmo fin obtiveronse as axudas que se relacionan:

ENTIDADE	IMPORTE
TOTAL	

Non se obtivo ningunha outra axuda destinada á mesma finalidade por parte doutra Administración Pública ou entidade privada.

Moeche a de de 2023.

Asdo.: O/A PRESIDENTE/A / SECRETARIO/A DA ASOCIACIÓN

**XUSTIFICACION DAS AXUDAS CONCEDIDAS AS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO
PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES, OBRAS OU SERVIZOS DURANTE O
ANO 2023**

D/D^a.....

Presidente/a ou secretario/a da Asociación.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que esta Asociación

.....

1) Atópase ao corrente nas súas obrigas co Concello de Moeche, coa Axencia Tributaria, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

2) Que se teñen realizado a/as actividade/es e/ou investimento/os: para a/as que se obtivo a axuda, e que son as seguintes.

-
-
-
-
-

3) Que os gastos foron reflectidos, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

4) Que non está incurso/a en circunstancias que supoñan a prohibición de percepción de subvención ou axudas públicas (artigo 13.2 LGS)

4) Que non se teñen modificado os datos presentados no Rexistro de Asociacións do concello (se non se aportaron outros novos) e que non teñen transcorridos 5 anos dende a dita presentación.

En Moeche a de de 2023.

O/A SECRETARIO/A DA ASOCIACIÓN

Vº e Pz

O/A PRESIDENTE/A

Asdo.:

Asdo.:

Moeche, 3 de xullo de 2023

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras